

13/693 **PROXECTO MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Facenda Local, do 18 de setembro de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto o Decreto do concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos, don Pablo Permuy Villanueva, do 30/08/2023, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto a proposta do Servizo de Augas de modificación da ordenanza fiscal núm. 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais asinada pola xefa do Servizo de Augas o 31/08/2023, co conforme da Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo, tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos en substitución do Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural, o 31/08/2023.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local do 06/09/2023 co conforme da Asesoría Xurídica do 07/09/2023.

Visto o anteproxecto de modificación da ordenanza fiscal núm. 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas do concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos do 07/09/2023.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo do 11/09/2023.

Visto o informe do secretario xeral do Pleno do 12/09/2023.

Visto o informe do interventor xeral municipal do 15/09/2023.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal núm. 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7442700837436095581.doc

Asunto: XUNTA E GOBERNO LOCAL DO 20-9-2023

ORDENANZA FISCAL NUMERO 107 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

1) Modifícase o artigo 7 da ordenanza fiscal xeral, que queda redactado como segue:

ARTIGO 7º. COTAS TRIBUTARIAS E A SÚA COBRANZA

1) As cotas esixibles liquidadas de acordo con esta ordenanza liquidaranse e recadaranse:

- a) As tarifas A) e B), trimestralmente, xunto coas taxas periódicas polo servizo de augas e polo de recollida domiciliar de lixos.
- b) A tarifa C) terá carácter anual e recadarase nos prazos comúns que fixa a Lei xeral tributaria para a cobranza de valores no recibo.
- c) A tarifa D) será obxecto de ingreso directo ao retirar a licenza para a acometida.

2) No caso de que nun trimestre non se poida tomar a lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores trimestres.

De non existir o dato anterior, facturarase nese trimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados para o primeiro tramo de consumo regulado nas epígrafes a) e b) do artigo 5º

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación publicarase no boletín oficial da provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado para a súa aprobación inicial.